CA2.7 - Comprender e apreciar a importancia da solidez e validez das formas argumentativas, a partir da súa análise tanto formal como informal, e identificar as falacias e os nesgos que se poden encontrar en textos ou documentos pertencentes a ámbitos culturais diversos, como usos argumentativos ilexítimos, explicando a natureza ou mecanismo das devanditas falacias e nesgos.	Análise da argumentación, identificación de falacias		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Recoñecer a radicalidade e transcendencia dos problemas filosóficos mediante o seu recoñecemento, análise e reformulación en textos e outros medios de expresión, tanto filosóficos como literarios, históricos, científicos, artísticos ou relativos a calquera outro ámbito cultural.	Identificación do problema, identificar ideas do texto, identificar e explicar conceptos fundamentais		
CA3.2 - Afrontar cuestiós e problemas complexos, de carácter fundamental e de actualidade, de modo interdisciplinario, sistemático e creativo, utilizando conceptos, ideas e procedementos provenientes de distintos campos do saber, e orientándoos e articulándoos criticamente desde unha perspectiva filosófica.	establecer unha tese e argumentala		
CA3.3 - Demostrar un coñecemento práctico dos procedementos elementais da investigación filosófica e desenvolver unha actitude indagadora, autónoma e activa no ámbito da reflexión filosófica, a través de tarefas como a identificación de fontes fiables, a procura eficiente e segura de información, e a correcta organización, deseño, análise, interpretación, avaliación, producción e comunicación desta, tanto dixitalmente como a través de medios más tradicionais en forma de produtos orixinais, tales como traballos de investigación, disertacións, comentarios de texto ou outros discursos argumentativos, orais e escritos, sobre cuestiós e problemas filosóficos, demostrando un uso correcto de normas e pautas lóxicas, retóricas e argumentativas.	Identificación do problema, identificar ideas do texto, identificar e explicar conceptos fundamentais e establecer unha tese e argumentala		
CA3.4 - Promover o contraste e intercambio de ideas e a práctica dunha cidadanía activa e democrática a través da participación en actividades grupais, en especial o exercicio do diálogo racional, respectuoso, aberto e construtivo sobre cuestiós e problemas filosoficamente relevantes, diálogo no que detectar e evitar modos dogmáticos, falaces e nesgados de sostener opiniós e hipóteses, recoñecendo a importancia da cooperación, o compromiso coa busca da verdade, o respecto á pluralidade e o rexitamento de toda actitude discriminatoria ou arbitraria, aplicando os devanditos principios á práctica argumentativa e ao diálogo cos demais.	competencia dialogal, escucha activa, elaboración de ideas propias		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O traballo filosófico.</li> <li>- Uso e análise crítico de fontes.</li> <li>- O traballo con textos filosóficos: comprensión e interpretación.</li> <li>- O traballo con materiais non filosóficos: a identificación de problemas filosóficos.</li> </ul>

## Contidos

- A argumentación sólida como base do pensamento e o diálogo filosóficos.
- A investigación e a disertación filosóficas.
- O ser humano como suxeito da experiencia filosófica e como obxecto principal da reflexión filosófica.
- A filosofía e a existencia humana.
- A dimensión social e política do coñecemento.
- O papel da muller na ciencia e nos outros saberes.
- O feito ético e a razón práctica.
- Separación entre ética, moral e derecho: racionalidade ética, conciencia moral e lexitimidade política.
- A liberdade como condición para o diálogo ético e o xuízo moral.
- Metaética e ética normativa.
- Cognitivismo ético fronte ao emotivismo e o intuicionismo.
- Formalismo ético fronte a materialismo ético.
- Universalismo e relativismos éticos.
- Ética do coidado: necesidade de igualdade efectiva de dereitos entre mulleres e homes.
- Éticas aplicadas.
- A valoración das accións á marxe da moral: alén do ben e do mal.
- Problemas éticos actuais.
- A guerra, o terrorismo e outras formas de violencia.
- As desigualdades e a pobreza.
- A discriminación e o respecto polas minorías.
- Problemas ecosociais e medioambientais.
- Os dereitos humanos e a posibilidade dunha ética universal de mínimos: entre a ética e o derecho.
- Orixe, lexitimidade e vixencia.
- Xeracións dos dereitos humanos.
- Os dereitos da infancia.
- Dereitos dos animais.
- O ser humano como animal político.
- Os fundamentos da organización social e do poder político: naturalismo, iusnaturalismo e contractualismo.
- Definición do político: legalidade e lexitimidade.
- Os principios políticos fundamentais: igualdade e libertade; individuo e Estado; traballo, propiedade e distribución

## Contidos

- da riqueza.
- O debate político contemporáneo: liberalismo, utilitarismo e comunitarismo.
- Cidadanía e Estado de benestar.
- Xustiza e democracia.
- A xustiza como problema filosófico.
- A reflexión filosófica sobre a democracia.
- Ideais, utopías e distopías.
- Os movementos sociais e políticos.
- O feminismo e a perspectiva de xénero.
- Definición, ámbitos e problemas da estética: arte, beleza e gusto.
- Teorías sobre a beleza e a arte.
- Teorías clásicas e modernas sobre a beleza e a arte.
- Teorías e problemas estéticos contemporáneos.
- A relación do estético con outros ámbitos da cultura: a reflexión sobre a imaxe e a cultura audiovisual.
- A estética e as súas implicacións filosóficas coa ética e a política.
- Ética e estética.
- O papel político da arte.

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
10	estética	10

<b>Criterios de evaluación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
		PE	50

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.7 - Desenvolver a sensibilidade e a comprensión crítica da arte e outras manifestacións e actividades con valor estético mediante o exercicio do pensamento filosófico sobre a beleza e a creación artística, contribuíndo así á educación dos sentimentos e ao desenvolvemento dunha actitude reflexiva con respecto á linguaxe e sentido das imaxes, e xerando un adecuado equilibrio entre o aspecto racional e emotivo na consideración destes problemas filosóficos do ámbito da estética, a través da reflexión expresa arredor da arte, e doutras actividades ou experiencias con valor estético, e a análise do papel das imaxes e a linguaxe audiovisual na cultura contemporánea.	nocións de estética, arte, beleza, teorías estéticas, o xuízo estético, a estetización da política		
CA1.1 - Recoñecer a radicalidade e transcendencia dos problemas filosóficos mediante o seu recoñecemento, análise e reformulación en textos e outros medios de expresión, tanto filosóficos como literarios, históricos, científicos, artísticos ou relativos a calquera outro ámbito cultural.	Identificación do problema, identificar ideas do texto, identificar e explicar conceptos fundamentais		
CA1.2 - Afrontar cuestións e problemas complexos, de carácter fundamental e de actualidade, de modo interdisciplinario, sistemático e creativo, utilizando conceptos, ideas e procedimentos provenientes de distintos campos do saber, e orientándoos e articulándoos criticamente desde unha perspectiva filosófica.	establecer unha tese e argumentala		
CA1.3 - Demostrar un coñecemento práctico dos procedimentos elementais da investigación filosófica e desenvolver unha actitude indagadora, autónoma e activa no ámbito da reflexión filosófica, a través de tarefas como a identificación de fontes fiables, a procura eficiente e segura de información, e a correcta organización, deseño, análise, interpretación, avaliação, producción e comunicación desta, tanto dixitalmente como a través de medios más tradicionais en forma de produtos orixinais, tales como traballos de investigación, disertacións, comentarios de texto ou outros discursos argumentativos, orais e escritos, sobre cuestións e problemas filosóficos, demostrando un uso correcto de normas e pautas lóxicas, retóricas e argumentativas.	Identificación do problema, identificar ideas do texto, identificar e explicar conceptos fundamentais e establecer unha tese e argumentala	TI	50

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Promover o contraste e intercambio de ideas e a práctica dunha cidadanía activa e democrática a través da participación en actividades grupais, en especial o exercicio do diálogo racional, respectuoso, aberto e construtivo, sobre cuestións e problemas filosoficamente relevantes, diálogo no que detectar e evitar modos dogmáticos, falaces e nesgados de sostener opinións e hipóteses, recoñecendo a importancia da cooperación, o compromiso coa busca da verdade, o respecto á pluralidade e o rexitamento de toda actitude discriminatoria ou arbitraria, aplicando os devanditos principios á práctica argumentativa e ao diálogo cos demais.	competencia dialogal, escoita activa, elaboración de ideas propias		
CA3.1 - Recoñecer a radicalidade e transcendencia dos problemas filosóficos mediante o seu recoñecemento, análise e reformulación en textos e outros medios de expresión, tanto filosóficos como literarios, históricos, científicos, artísticos ou relativos a calquera outro ámbito cultural.	Identificación do problema, identificar ideas do texto, identificar e explicar conceptos fundamentais		
CA3.2 - Afrontar cuestións e problemas complexos, de carácter fundamental e de actualidade, de modo interdisciplinario, sistemático e creativo, utilizando conceptos, ideas e procedimentos provenientes de distintos campos do saber, e orientándoos e articulándoos criticamente desde unha perspectiva filosófica.	establecer unha tese e argumentala		
CA3.3 - Demostrar un coñecemento práctico dos procedimentos elementais da investigación filosófica e desenvolver unha actitude indagadora, autónoma e activa no ámbito da reflexión filosófica, a través de tarefas como a identificación de fontes fiables, a procura eficiente e segura de información, e a correcta organización, deseño, análise, interpretación, evaluación, producción e comunicación desta, tanto dixitalmente como a través de medios más tradicionais en forma de produtos orixinais, tales como traballos de investigación, disertacións, comentarios de texto ou outros discursos argumentativos, orais e escritos, sobre cuestións e problemas filosóficos, demostrando un uso correcto de normas e pautas lóxicas, retóricas e argumentativas.	Identificación do problema, identificar ideas do texto, identificar e explicar conceptos fundamentais e establecer unha tese e argumentala		
CA3.4 - Promover o contraste e intercambio de ideas e a práctica dunha cidadanía activa e democrática a través da participación en actividades grupais, en especial o exercicio do diálogo racional, respectuoso, aberto e construtivo sobre cuestións e problemas filosoficamente relevantes, diálogo no que detectar e evitar modos dogmáticos, falaces e nesgados de sostener opinións e hipóteses, recoñecendo a importancia da cooperación, o compromiso coa busca da verdade, o respecto á pluralidade e o rexitamento de toda actitude discriminatoria ou arbitraria, aplicando os devanditos principios á práctica argumentativa e ao diálogo cos demais.	competencia dialogal, escoita activa, elaboración de ideas propias		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

## Contidos

- As ausencias de colectivos e as posibles discriminacións que cuestionan a tradición.
- Filosofía e condición social: a discriminación social.
- Filosofía e xénero: a discriminación da muller na historia da filosofía.
- Filosofía e eurocentrismo: a discriminación étnico-cultural.
- O traballo filosófico.
- Uso e análise crítico de fontes.
- O traballo con textos filosóficos: comprensión e interpretación.
- O traballo con materiais non filosóficos: a identificación de problemas filosóficos.
- A argumentación sólida como base do pensamento e o diálogo filosóficos.
- A investigación e a disertación filosóficas.
- O feito ético e a razón práctica.
- Separación entre ética, moral e derecho: racionalidade ética, conciencia moral e lexitimidade política.
- A liberdade como condición para o diálogo ético e o xuízo moral.
- Metaética e ética normativa.
- Cognitivismo ético fronte ao emotivismo e o intuicionismo.
- Formalismo ético fronte a materialismo ético.
- Universalismo e relativismos éticos.
- Ética do cuidado: necesidade de igualdade efectiva de derechos entre mujeres e hombres.
- Éticas aplicadas.
- A valoración das accións á marxe da moral: alén do ben e do mal.
- Problemas éticos actuais.
- A guerra, o terrorismo e outras formas de violencia.
- As desigualdades e a pobreza.
- A discriminación e o respecto polas minorías.
- Problemas ecosociais e medioambientais.
- Os derechos humanos e a posibilidade dunha ética universal de mínimos: entre a ética e o derecho.
- Orixe, lexitimidade e vixencia.
- Xeracións dos derechos humanos.

## Contidos

- Os dereitos da infancia.
- Dereitos dos animais.
- O ser humano como animal político.
- Os fundamentos da organización social e do poder político: naturalismo, iusnaturalismo e contractualismo.
- Definición do político: legalidade e lexitimidade.
- Os principios políticos fundamentais: igualdade e liberdade; individuo e Estado; traballo, propiedade e distribución da riqueza.
- O debate político contemporáneo: liberalismo, utilitarismo e comunitarismo.
- Cidadanía e Estado de benestar.
- Xustiza e democracia.
- A xustiza como problema filosófico.
- A reflexión filosófica sobre a democracia.
- Ideais, utopías e distopías.
- Os movementos sociais e políticos.
- O feminismo e a perspectiva de xénero.
- Definición, ámbitos e problemas da estética: arte, beleza e gusto.
- Teorías sobre a beleza e a arte.
- Teorías clásicas e modernas sobre a beleza e a arte.
- Teorías e problemas estéticos contemporáneos.
- A relación do estético con outros ámbitos da cultura: a reflexión sobre a imaxe e a cultura audiovisual.
- A estética e as súas implicacións filosóficas coa ética e a política.
- Ética e estética.
- O papel político da arte.

### 4.1. Concrecions metodolóxicas

A cultura filosófica asociada aos contidos das materias require de explicacións profesorais, a clásica lección; porén, na medida en que a determinación da praxe docente polo currículo o permita, os conceptos, ideas, teorías e procedementos filosóficos esixen, para unha real asimilación dos mesmos, de experiencias prácticas: lectura, diálogo, comentario de texto, reflexión persoal do alumnado que incorpore eses conceptos ou os defronte con ideas e teorías filosóficas.

Neste sentido, as materias adscritas ao departamento de Filosofía han de concibirse como o lugar e a ocasión para que, a partir das motivacións e circunstancias particulares de cada grupo e cada alumno, detecten, expresen e analicen (a través da experiencia e a participación) non só unha comprensión ampla e precisa das aportacións da Filosofía, senón tamén da implicación de todos estes aspectos coa realidade multicultural e globalizada en que vivimos. Sería un obxectivo prioritario que o alumnado rematase o curso cunha visión persoal e ética da existencia da

especie humana, da súa sociedade e da súa propia vida cotiá.

Os alumnos e as alumnas deberán desenvolver un pensamento e unha actitude críticos que se sustenten en competencias clave tanto para comprender o mundo como para tomar unha actitude de compromiso social e cívico. Por iso farase fincapé na necesidade de analizar, formular e dar soluciones a problemas presentados polos textos tamén cun fondo ético.

Adoptaranse, xunto coa tradicional lección explicativa, métodos activos, indutivos e mixtos; é dicir, métodos eminentemente participativos onde se alterna o traballo individual co traballo en grupo.

A finalidade propedéutica e orientadora da Filosofía esixe o traballo con metodoloxías específicas e que estas comporten un importante grao de rigor científico e de desenvolvemento de capacidades intelectuais de certo nivel (analíticas, explicativas e interpretativas). Isto lograrase de acordo cos criterios metodolóxicos seguintes:

- ¿ Adaptación ás características do alumnado, ofrecendo actividades diversificadas de acordo coas capacidades intelectuais propias da etapa.
- ¿ Autonomía: facilitar a capacidade do alumnado para aprender por si mesmo.
- ¿ Actividade: fomentar a participación do alumnado na dinámica xeral da aula, combinando estratexias que propicien a individualización con outras que fomenten a socialización.
- ¿ Motivación: procurar espertar o interese do alumnado pola aprendizaxe que se lle propón.
- ¿ Integración e interdisciplinariedade: presentar os contidos cunha estrutura clara, mostrando as relacións entre os contidos de Filosofía e os doutras disciplinas doutras áreas.
- ¿ Rigor e desenvolvemento de capacidades intelectuais de certo nivel (analíticas, explicativas e interpretativas).
- ¿ Variedade na metodoloxía, dado que o alumnado aprende a partir de fórmulas moi diversas.

Máis concretamente, estes criterios metodolóxicos deben ter en conta os criterios de avaliación seguintes:

- ¿ Ler comprensivamente e analizar, de forma crítica, textos significativos e breves.
- ¿ Argumentar e razoar os propios puntos de vista sobre as temáticas mostradas nos textos de forma oral e escrita, con claridade e coherencia.
- ¿ Seleccionar e sistematizar información obtida de diversas fontes.
- ¿ Analizar e argumentar sobre temas propostos.

A forma de conseguir estes obxectivos queda, en cada caso, a xuízo do profesorado, consonte co propio carácter, a concepción do ensino e as características do seu alumnado.

Algunhas consideracións máis. Débese procurar que os alumnos e alumnas:

- a) engarcen a filosofía coas súas inquedanzas persoais e co seu entorno social;
- b) amplíen o mundo no que viven de modo que se integren nel non so as realidades cotiás senón tamén nos problemas e na historia do conxunto da sociedade na queviven;
- c) se poñan en situación de considerar como cousa propia a cultura filosófica herdada e as cuestións ás que se abren no presente;
- d) escriban algo polo menos unha vez á semana; lendo e pondo en común e a debate -despois da exposición do profesor- a redacción de breves pero argumentadas composicións persoais;
- e) escoden con paciencia aos demais, se poñan no lugar do outro e sexan quen de condensar o escoidado;
- f) traten de fundar as posturas que menos entenden e menos comparten.
- g) perciban a través da lectura de xornais que os problemas da filosofía non son simples temas académicos ou históricos;
- h) establezan as debidas relacións cronolóxicas dalgúns feitos relevantes da historia da sociedade, da política, da cultura, da filosofía ou da ciencia;
- i) en calquera caso, recorden que a admiración é o paso primeiro obligatorio para entrar na filosofía, e a través dela, no conxunto da verdadeira vida intelectual, responsable e solidaria

Resulta pois conveniente utilizar estratexias didácticas variadas, que combinen as estratexias expositivas, acompañadas de actividades de aplicación e as estratexias de indagación. Entre outros, na clase traballarase por medio de:

- ¿ Reflexións persoais do alumnado sobre temas, ideas ou feitos propostos polo profesorado.
- ¿ Lectura, análise e resumo-comentario de textos e de libros recollidos de diversos ámbitos e que reflexionen acerca da realidade natural, social, cultural, ou humana da mente.
- ¿ Planificación e execución, a partir de diferentes fontes de información (bibliográficas e informáticas) de pequenos traballos de investigación e disertación acerca dos problemas tratados, valorándose a súa presentación en soporte

informático, para a súa exposición e debate.

• Visionado e comentario dalgunha película ou documental.

En canto aos materiais e recursos didácticos, cabe apuntar que o material de base, desenvolvido polo profesorado, se proporcionará aos alumnos. Poderán aconsellarse libros de texto, non obligatorios, que poderán ser empregados como apoio informativo. Poderanxe empregar outros medios e fontes de información que o profesorado estime oportunos: diccionarios, historias, textos clásicos, revistas, xornais, páxinas web... O profesorado, se o estima oportuno, poderá pedir ou aconsellar a lectura dalgún libro axustado ao currículo de cada unha das materias e, obviamente, das súas capacidades de lectura comprensiva.

Por iso, ademais das aulas, poderanxe utilizar outros espazos de que dispón o centro (biblioteca e aulas de informática, fundamentalmente) para levar a cabo as diferentes tarefas.

Os alumnos terán un caderno de traballo onde irán facendo un rexistro das diferentes actividades de aprendizaxe e ensinanza, e, cando o profesorado así o indique, de apontamentos e información teórica. O caderno de traballo poderá adoptar a forma de Diario Filosófico.

O profesorado do departamento terá activas as súas aulas virtuais, como ferramenta de apoio á docencia.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
apuntes
textos filosóficos
internet
libros de lectura
vídeos, imaxes, material gráfico

a teoría das unidade didácticas, que será obxecto de avaliación ó través de probas escritas e/ou orais se lle proporcionará ao alumnado e estará dispoñible nas respectivas aula virtuais do profesorado

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

En Filosofía de 1º Bacharelato, ao non ser unha materia obrigatoria do currículo da ESO, non podemos recabar información sobre contidos desta asignatura en cursos anteriores. Polo tanto, a partir da presentación e lectura de distintos textos, procuraremos descubrir as súas capacidades de comprensión e expresión lingüística, pedíndolle que resuman o texto, que detecten os conceptos clave, que artellen un esquema ou mapa conceptual ilustrando a orde lóxica do texto e, finalmente, que ofrezan unha valoración persoal sobre o tema e a tese do texto.

Para o caso de que algún alumnado puidera ter cursada a materia de Filosofía en 4º ESO, á parte da información recabada aos compañeiros do departamento, presentarémoslle unha serie de cuestiós (para seren respondidas de modo oral e/ou escrito) e pedirémoslle que lembren asuntos, temáticas, ideas ou actividades que traballaran no curso anterior.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>10</b>									
<b>Proba escrita</b>	50	50	50	50	50	50	50	50	50	50
<b>Táboa de indicadores</b>	50	50	50	50	50	50	50	50	50	50

Unidade didáctica	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	<b>50</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	<b>50</b>

### Criterios de cualificación:

Realizarase algún tipo de exposición escrita ou oral para cada avaliación, na cal se abordarán os aspectos traballados nas clases ben a través de preguntas de desenvolvemento ou concreción teórica (preguntas tipo test) ben a través dun comentario de texto ben a través dalgunha exposición persoal onde o alumnado deberá expresar a súa madurez intelectual nos temas traballados.

Para a cualificación desas probas seguirase un criterio global. Terase en conta non so a mera exposición de contidos senón tamén a precisión e o rigor na exposición, a coherencia e o nivel de profundidade acadado, a orixinalidade e a capacidade crítica -expresións de madurez persoal- valorándose ademais o esforzo por aplicar os coñecementos adquiridos.

En calquera caso os criterios de cualificación virán determinados polos seguintes criterios de avaliación xeral:  
 • Comprensión e asimilación de conceptos, ideas e teorías filosóficos.

• Capacidade crítica perante textos, discursos e mensaxes.

• Manexo de conceptos filosóficos na elaboración de reflexións, comentarios de texto, etc.

• Capacidade de análise e argumentación.

• Capacidade de diálogo, contraargumentación e debate filosóficos.

• Desenvolvemento das capacidades de razonamento, sentimientos e vontade na elaboración da personalidade e na toma de decisións.

• Ser quen de separar e distinguir os ámbitos privado e público para o ámbito das decisións e accións humanas.

• Procurar a integración e coherencia entre os coñecementos teóricos dos valores e a aplicación e uso dos mesmos nas súas accións cotiás no centro de ensino.

A nota da avaliación non só dependerá da cualificación das probas escritas e/ou orais. Teranse en conta habilidades prácticas a través de:

• exposicións dalgún aspecto das distintas unidades usando os recursos TIC;

• disertacións ou breves ensaios filosóficos,

• comentarios de texto;

• lectura, resumo e comentario dalgún libro relacionado con algún contido curricular.

Os contidos que implican habilidades prácticas terán un peso do 50% na nota.

En canto ás cualificacións, cabe apuntar que só a partir das 75 décimas se transforma a nota obtida en cada avaliación e no curso no número enteiro seguinte.

A nota final será a media aritmética das notas das tres avaliacións tendo en conta que o cálculo da media do curso

farase coa nota real (coas décimas obtidas polo alumnado) e non a partir dos números enteiros dos boletíns concretados a partir das devanditas notas con decimais.

Nos exames descontarase nota a partir de 10 faltas de ortografía: 0'05 puntos ata un máximo do 20% da nota do exame.

Copiar na proba de control escrita ou en calquera dos outros traballos é motivo de retirada de exame e falta disciplinaria (leve). Igualmente cabe indicar que se o profesor ou profesora da materia tivese dúbidas razoables acerca da licitude dos medios empregados por algun alumno ou alumna para obter unha determinada cualificación nun exame, podera esixirlle no prazo dunha semana desde a entrega dos exames corrixidos, que se someta a unha defensa oral da materia correspondente ao mesmo.

#### **Criterios de recuperación:**

Un alumno que, chegado xuño, tena unha ou dúas avaliacions suspensas cun 3 ou mais, pode aprobar directamente na avaliacion ordinaria sempre que a media das tres avaliacions supere os 5 puntos. Poren, un alumno que, chegado xuño, teña algunha avaliacion con menos dun 3, deberá recuperar esa avaliación. Non se fará media se nalgúnha avaliacion o alumno non chegase a 3 puntos; en tal caso, deberá recuperar a avaliacion e obter 3 ou mais de 3 puntos na mesma para poder facer media coas outras avaliacions.

Un alumno que, chegada a convocatoria ordinaria de xuño, non acade o aprobado coa media das tres avaliacions, poderá facer a recuperacion das avaliacions suspensas. Se aínda así, coas notas obtidas nesas recuperacións a media non lle dá, a materia quedará suspensa.

Haberá unha avaliacion extraordinaria nas datas previstas para a mesma.

#### **5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

Se lle darán pautas ao alumnado para preparar a materia do curso anterior e haberá un seguimento continuado do traballo que se vaia realizando; a xefatura de departamento consultará co profesorado do mesmo que lle teña impartido a materia de primeiro ao alumnado pendente.

A recuperación da materia encomendarase á realización mensual de actividades.

Se con esta dinámica non se acadase a consecución dos obxectivos establecidos, habería unha proba escrita a finais do mes de maio (para a convocatoria ordinaria de xuño) ou xuño de 2023, segundo o calendario establecido desde a CCP. Para este último suposto, poderá realizarse unha proba parcial arredor do mes de febreiro, que, de superarse con éxito, retiraría da proba final de maio a materia xa avaliada.

## 6. Medidas de atención á diversidade

Programar actividades, exercicios, lectura e comentario de textos, etc. más sinxelos para o alumnado con dificultades de aprendizaxe; sobre todo, nos primeiros meses de clase. Desta maneira, intentarase que progresivamente comprendan os principios esenciais para poder introducirse, posteriormente, naqueles temas máis abstractos ou complexos.

Proporcionarlles axuda directa naquelhas actividades que se realicen na aula, coa finalidade de ir orientando de maneira personalizada o seu proceso de aprendizaxe.

Incluír dentro do seu plan de traballo actividades sinxelas e adicionais que lles permitan cubrir as lagoas conceptuais que posúan.

Nos traballos en grupo, organizar estes de tal maneira que este alumnado se atope distribuído en diferentes grupos, co fin de poder ser axudados polos compañeiros con mellor rendemento académico na realización das tarefas.

Se existise alumnado de altas capacidades ou cun maior nivel de coñecementos, programaríanse medidas pedagóxicas complementarias:

- lecturas dirixidas de libros ou textos de maior dificultade conceptual; e
- actividades complementarias sobre aqueles temas que máis lles interesasen.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - a capacidade e a actitude críticas	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - a comprensión lectora	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - a expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - a educación cívica e constitucional							X	X
ET.5 - desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres		X				X	X	X
ET.6 - igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social		X				X	X	
ET.7 - prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade								

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.8 - aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10
ET.1 - a capacidade e a actitude críticas	X	X
ET.2 - a comprensión lectora	X	X
ET.3 - a expresión oral e escrita	X	X
ET.4 - a educación cívica e constitucional	X	
ET.5 - desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres	X	
ET.6 - igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social	X	
ET.7 - prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade	X	
ET.8 - aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia	X	X

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descripción	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Cine e Filosofía	Visionado de películas e posterior debate	X	X	X

### Observacións:

A maiores, o departamento está aberto a propor algunha actividade que se oferte ó longo do curso por parte do concello ou por outras instancias sempre e cando teña relación cos contidos da materia, pero non propón de partida ningunha actividade complementaria,

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Resultados, diálogo e información

### Descripción:

Os resultados nas diferentes probas e en cada periodo de clase serán esenciais como indicadores da adecuación do proceso de ensino-aprendizaxe. A reflexión docente e a autoavaliación do desenvolvemento das programacións didácticas levarase a cabo especialmente ao finalizar cada avaliación.

Igualmente, o diálogo permanente co alumnado, co titor de cada aula e cos pais a través do titor, o intercambio de información con outros docentes nas xuntas de avaliación serán instrumentos axeitados para revisar, avaliar e, se fose preciso, modificar a programación non só en función dos resultados académicos senón en función do desenvolvemento integral de todos os alumnos da aula..

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Nas reunións de Departamento periódicas iremos contrastando as medidas indicadas nesta programación e establecendo, se fose preciso, os cambios precisos que na nosa práctica docente se observen como necesarios.

Aqueles aspectos que ó longo do curso e da posta en práctica do que aquí se recolle consideremos que é oportuno modificar, recolleranse na memoria de remate deste curso 2023-2024. Igualmente proporanse as melloras que se consideren oportunas para o vindeiro curso 2024-2025.

## 9. Outros apartados

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
32008951	IES Ramón Otero Pedrayo	Ourense	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Filosofía	1º Bac.	3	105

Réxime
Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introdución	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	41
4.2. Materiais e recursos didácticos	43
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	43
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	44
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	45
6. Medidas de atención á diversidade	46
7.1. Concreción dos elementos transversais	46
7.2. Actividades complementarias	48
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	48
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	48
9. Outros apartados	48